



AXUDA PARA A INSCRICIÓN NOS PROCESOS SELECTIVOS

O requisito indispensable para poder participar por primeira vez nalgún dos procesos de selección de persoal promovidos polo SERGAS, é **darse de alta no Expediente-e (Fides)**. Logo de que as persoas interesadas teñan acceso a este aplicativo, deberán formalizar nel e achegar en rexistro administrativo despois, a documentación básica que se relaciona de seguido:

1. A solicitude

As persoas interesadas deberán cubrir un formulario electrónico de inscrición, en modelo normalizado, declarando que reúnen todos os requisitos de participación exixidos pola correspondente convocatoria. A este formulario de inscrición accedese a través do aplicativo Expediente-e, na sección "PROCESOS".

Nun primeiro intre a solicitude quedará en estado **BORRADOR** (por se se desexan facer cambios) pero que non é válida ata que o interesado a garde e mude ao estado **CONFIRMADA**. Logo de formalizada electronicamente e en estado confirmada, deberá **imprimila e asinala** para a súa presentación nos prazos e forma previstos, en calquera **Rexistro administrativo** ou polos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. As taxas

Será requisito necesario para participar, de conformidade co disposto na correspondente convocatoria, o pagamento previo da taxa que se indique, e de ser o caso, os gastos de transferencia correspondentes. Para o ingreso da taxa empregárase un impreso de autoliquidación coma este:

Tal impreso, así como os códigos para a súa formalización seranlles facilitados ás persoas interesadas nos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e estarán dispoñibles, así mesmo, na páxina web do Servizo Galego de Saúde seguindo o enlace [Autoliquidación de taxas](#).

A non presentación deste impreso de autoliquidación –no cal deberá figurar a data e o selo da entidade bancaria– xunto co formulario de inscrición no proceso, determinará a exclusión da persoa aspirante.

Poderase tamén realizar o pagamento da taxa pola internet a través da oficina virtual na páxina web do Cixtec (www.cixtec.es), nas entidades financeiras actualmente autorizadas. Neste caso, unha vez efectuado o pagamento, imprimírase o xustificante de ter aboada a taxa (modelo 730), que será o que se presente xunto coa solicitude.

Así mesmo, o/a solicitante poderá facer efectivo o pagamento da taxa desde Fides, para o cal se



habilita un enlace directo ao sistema de pagamento electrónico de taxas da Consellería de Facenda.

En ambos os dous supostos, a presentación do xustificante de aboamento non suporá a substitución do trámite de presentación, en tempo e forma, da solicitude de participación no proceso.

3. Os méritos e os requisitos de participación.

As persoas aspirantes deberán rexistrar no sistema Expediente-e (Fides) os requisitos de participación e méritos que posúan e acreditalos documentalmente, mediante orixinal ou copia compulsada, na forma establecida para cada mérito, nas bases da convocatoria do último proceso de selección fixa convocado polo Servizo Galego de Saúde para esa mesma categoría. Os requisitos e méritos que non consten rexistrados en Expediente-e (Fides) non serán tidos en consideración en ningún proceso.

Para a introdución dos méritos do seu currículum vitae, os aspirantes deberán acceder ao aplicativo Expediente-e (Fides) e ir engadindo os seus méritos nos diferentes apartados da sección "EXPEDIENTE-E". Logo de introducidos electronicamente, deberá imprimir a solicitude de validación para os mesmos, dispoñible na sección "INFORME".

Xunto coa solicitude de validación, o aspirante debe achegar a documentación acreditativa, **orixinal ou compulsada**, dos méritos que figuren relacionados nela. Non será necesaria a acreditación documental dos requisitos e méritos que xa aparezan **validados (V)** no sistema de información Expediente-e (Fides).

4. Lugares de presentación da documentación

Toda a documentación dirixirse a unha unidade de validación das relacionadas no propio formulario electrónico de inscrición e poderán presentarse no Rexistro Xeral dos servizos centrais e periféricos da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, a través dos Rexistros administrativos de calquera Administración Pública, ou ben, polos procedementos recollidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.